

A ESCOLA DA VIDA

Nenos de Haití

23.01.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Os todopoderosos humanos espertámonos do noso sono de poder cando a Natureza nos arrastra as nosas ilusas convicións. Un tsunami, unha erupción dun volcán ou un terremoto e o home vólvese encontrar consigo mesmo como o ser máis indefenso da Natureza, que ve a súa vida pendurada dun fío. Está ocorrendo nestes momentos no país máis pobre de América: Haití.

Pero, nese sálvese quen poida, nesa selva que é a calamidade, cando o home só obra como un lobo para o home, os nenos adquiren un valor residual, se é que teñen algún valor e non se volven invisibles. Nenos que perderon os seus pais, que están máis desorientados, se cabe, agora, no medio do caos, do que xa o estaban antes, e que son, á vez, inocentes e inconscientes da morea de miserias que se lles veñen enriba das súas curtas e traumáticas vidas.

Son e serán nenos esquecidos. Sen pais, sen adultos que se fagan cargo deles. Quedaron orfos. E Haití, o seu país, será por moito tempo un territorio abonado á impotencia. Á impotencia de non poder reconstruír coa súa miseria o pouco que tiña, á impotencia polo esquecemento dos países que lle axudaron nun primeiro momento pero que despois volveron ás súas rutinas dándolle o lombo.

A nosa lexislación sobre a adopción internacional di que hai circunstancias nas que non se pode adoptar, como poden ser: que o país de orixe dos nenos estea en conflito bélico ou inmerso nun desastre natural; que non haxa ningunha autoridade específica que controle e garanta a adopción, ou que o país non ofrezca as garantías axeitadas para a adopción.

Eu preguntome: estes nenos non poderían ser postos a salvo nos países cooperantes e, unha vez concluídos os primeiros labores de restablecemento da orde, enviar expertos para recoñecer sobre o terreo a existencia ou non de familiares ou persoas dispostas a acollelos e, no caso de que non as houbera, axudalos a reinterpretar as súas vidas, ofrecéndolles unhas mellores condicións nos países de acollida, xa fose baixo a fórmula da adopción, do acollemento familiar ou dunha vida autónoma?

Non sei se é unha boa solución, o que non é aceptable é que se lles deixe á intemperie do tormento, sacrificándolles a vida que puxeron a salvo do holocausto do terremoto.